

NOME DA ACTIVIDADE

- **Descoñézote**

ENUNCIADO DA ACTIVIDADE

Teredes que encher unha ficha cos datos básicos dalgún dos compañeiros para coñecelo mellor e aproveitar para usar fórmulas relacionadas con isto.

Unha vez completedes a ficha poderedes redactar un texto, ou crear un enunciado para presentarlle o voso compañeiro interrogado ao resto da clase.

Primeiro ti e despois o teu compañeiro.

MATERIAIS DA FICHA

Ficha 1

NOME (Como te chamas?): *Xabi*

PROFESIÓN (En que traballas? Onde traballas? Que é o que fas?): *traballo nunha conserveira.*

DATA DE NACEMENTO (Cando naciches? En que data naciches?): *o 7 de marzo do 78.*

LUGAR DE NACEMENTO (Onde naciches? De onde es?): *nacín en Boiro; son de Boiro.*

AFECCIÓNS (Que che gusta facer no tempo libre? Cales son as túas afeccións preferidas?): *o que máis me gusta é andar en bici e ir ao cine.*

RESIDENCIA (Onde vives?): *vivo en Cabo de Cruz.*

Ficha 2 (Texto)

*Este compañeiro **chámase**...*

*... traballa en / o seu traballo **consiste** en...*

*... **naceu** en... o día... / **ten** X anos...*

*... o que máis lle **gusta** facer... / as súas afeccións preferidas **son** ou a súa afección favorita **é**...*

*... Agora **vive** / e **vive** en... ou ...**ten** a súa residencia en...*